



CRITERIOS PARA ACCEDER AO POSTO DE COLABORADOR/A DO COMEDOR ESCOLAR NO CEIP ADR CASTELAO PARA O CURSO 2023-2024

Recordamos que está aberto o prazo para acceder ao posto de colaborador/a do Comedor Escolar no CEIP ADR Castalao para o curso 2023/24 (Remata o prazo o venres 14 de xullo de 2023).

Deberase entregar cuberta na secretaría do centro a solicitude (que se pode descargar na web do centro ou recollela na secretaría do centro en horario de 9:15 a 11:15 ou de 12.30 a 13:45).

Os **criterios** para a selección das/os colaboradoras/es do comedor escolar son:

- 1 punto: ter polo menos un/unha fillo/a matriculado/a no centro e usuario/a do comedor escolar.
- 2 puntos: estar no paro.
- 1 punto: ter o carné de manipulador de alimentos.
- 1 punto: ter o graduado escolar ou certificado de estudos.
- 5 puntos: cuestionario/entrevista ante a Comisión de Comedor Escolar e cociñeiro/a

O cuestionario/entrevista celebrarase no mes de setembro de 2023 antes do comezo do Servizo do comedor Escolar

(Comunicaráselle telefonicamente ás/aos candidatas/os o día e hora da entrevista)

Sumaranse os puntos que ten cada candidata/o e farase unha listaxe coa puntuación das persoas solicitantes.

Esta listaxe publicarase no taboleiro de anuncios do centro no mes de setembro.

As 10 persoas que teñan maior puntuación pasarán a formar parte do grupo de colaboradores/as ao longo do curso 2023/24.

A dirección do centro.